

---

# OFERTA DE EMPREGO

**EAPN GALICIA. REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL**

---

## **PERSOA TÉCNICA DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DINAMIZACIÓN E COMUNICACION DE BOAS PRACTICAS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL**

### **DESCRIPCIÓN DO POSTO**

A persoa contratada realizará labores de apoio ás actividades e iniciativas de inserción sociolaboral, en especial á coordinación do Programa Integrado para o fomento da empregabilidade de persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión social no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, así como na investigación, recollida e comunicación de boas prácticas, dinamización das entidades membro e elaboración e impulso das propostas de incidencia política de EAPN Galicia.

### **FUNCIONES**

- Identificación e sistematización de boas prácticas a partires das actuacións desenvolvidas polas entidades membro de EAPN que permitan presentar propostas de mellora e demandas para as políticas de inserción sociolaboral.
- Elaboración dun manual específico de boas prácticas nas políticas de inserción sociolaboral.
- Investigación, difusión e comunicación de iniciativas e ferramentas que impliquen o fortalecemento e mellora de resultados e as propostas de incidencia política de EAPN Galicia e as súas entidades membro.
- Informar e formar as entidades membro sobre normativa e iniciativas de interese en materia de inserción sociolaboral, facilitando a xeración de propostas que melloren a actuación da administración pública e das organizacións do Terceiro Sector.
- Apoio á elaboración, seguimento e xustificación documental de indicadores técnicos e económicos de todas as actividades e fases do programa que aseguren a empregabilidade efectiva das persoas beneficiarias do mesmo.
- Favorecer a creación de rede e traballo conxunto con outros profesionais e recursos, con entidades do Terceiro Sector Social, en especial coas entidades membro de EAPN Galicia, con EAPN España e coas administracións públicas implicadas.

### **REQUISITOS**

- Titulación universitaria, preferentemente do eido social.
- Experiencia en investigación aplicada, redacción de informes, manuais de boas prácticas, traballos de investigación, etcétera.

- Coñecemento ou experiencia en xestión de programas de inclusión sociolaboral e acceso ao emprego, en especial nos impulsados dende a Xunta de Galicia, así como da normativa e recursos sociais existentes.
- Coñecemento de galego e castelán falado e escrito. Valorarase o coñecemento de inglés.
- Práctica en tarefas ou actividades de comunicación dixital e con medios.
- Valorarase experiencia previa de voluntariado, especialmente no eido social e con entidades do Terceiro Sector.
- Valorarase carné de conducir e vehículo propio, así como dispoñibilidade para viaxar.

## COMPETENCIAS

- Orientación para o traballo en equipo, por obxectivos e resultados.
- Boas habilidades de comunicación oral e especialmente escrita.
- Flexibilidade, empatía e capacidade de adaptación ás necesidades da base social ou das administracións públicas.
- Dinamismo e pro-actividade na resolución de problemas.
- Alta capacidade de organización, resiliencia e resposta en prazos axustados.
- Identificación cos valores e misión da EAPN Galicia.

## DATOS BÁSICOS DA CONTRATACIÓN

- Contrato temporal ata decembro de 2023. Xornada Completa
- Salario segundo Convenio Intervención e Acción Social. Grupo 2
- Lugar de traballo: Santiago de Compostela
- Incorporación inmediata

## CONCORRENCIA

Envío ao enderezo electrónico [info@eapn-galicia.com](mailto:info@eapn-galicia.com), ata o 15 de Setembro de 2022 (incluído), co asunto "Selección programa emprego + NOME E APELIDOS", e achegando **CV actualizado** e unha **carta de motivación e experiencia que inclúa 3/4 propostas xustificadas** para a mellora das políticas de inclusión social ou sociolaboral das persoas en pobreza ou exclusión social en Galicia (máximo 2 páxinas).